

Titorial:

Como facer unha ligazón a un arquivo externo en Moodle

1. O primeiro é buscar en Internet o documento que queremos enlazar. Pode ser unha imaxe, un vídeo, unha páxina web, etc. A modo de exemplo, imos enlazar unha páxina web dun xornal francés cunha nova que queremos que lean os nosos alumnos. Imaxina que, navegando, atopas esta nova no xornal *Le Télégramme*:



2. Fas clic na URL e seleccionas o enderezo da páxina web:



3. Para copiar unha vez seleccionado o texto, tes tres posibilidades: a) premes CTRL+C; b) no teu navegador, vas ao menú superior da pantalla "Editar" > "Pegar" (como na figura 1 de abaixo), ou c) fas clic co botón dereito do rato sobre o texto seleccionado e escolles "Pegar" (como na figura 2 de abaixo):





Figura 1




Figura 2

4. Unha vez feito isto, vai ao teu curso na Aula Virtual e abre en modo edición unha páxina web que xa tiveses creada, como se mostra na imaxe, facendo clic na manciña da dereita:




NOTA: Tamén tes a posibilidade de crear unha nova páxina, en “Engadir un recurso” > “Elaborar páxina web”.


5. Ao facer clic na manciña (ou ao crear unha nova páxina), aparecerá o menú de elaboración da páxina web, co recadro no que podes escribir, incrustar ou enlazar calquera cousa:




6. No corpo da túa páxina web, escribe un título para a ligazón, ou ben selecciona un fragmento de texto xa escrito. Cando o alumno faga clic nese texto, será reenviado á páxina do xornal. Podes escribir o texto: “Fai clic AQUÍ para abrir a nova” e logo seleccionar a palabra “AQUÍ” (por exemplo):




7. Agora, fai clic no botón “Inserir ligazón web” situado na parte superior dereita da barra de ferramentas:




8. Aparecerache o menú “Inserir ligazón”:



9. Fai clic no cadro titulado “URL” e pega o enderezo da nova que copiaras no paso número 3. Recorda que podes facer isto premendo CTRL-V ou ben facendo clic co botón dereito do rato e escollendo “Pegar”:




10. Na pestana “Destino” podes escoller como queres que se abra o recurso. Podes probar varias opcións para ver como se abre a nova do Télégamme con cada unha delas:




11. Agora, preme en “Aceptar”:




12. Para gardar a páxina web, como sempre, premes en “Gardar e continuar” ou en “Gardar e volver ao curso”:




13. Cando o alumno vexa a páxina web, verá o texto “AQUÍ” resaltado en azul, e ao facer clic alí, abriase a nova do “Télégramme” (se todo está ben feito, claro) 😊:



14. O procedemento para enlazar outros recursos é o mesmo: hai que localizar a URL (o enderezo) do recurso e enlazalo a un texto que teñamos nunha páxina web do noso curso na Aula Virtual. Se queremos enlazar (que non incrustar) un vídeo de Youtube, por exemplo, temos que buscar o vídeo que queremos e premer en “Compartir” (na parte de abaixo do vídeo):




15. Aparecerá entón o código que precisamos para enlazar o vídeo desde a nosa páxina web da Aula Virtual. A diferenza da incrustación, este procedemento levará ao alumno á páxina de Youtube.




16. Se prememos en “Opciones” aparecerá a posibilidade de facer que, cando o alumno abra o vídeo, este se reproduza a partir dun punto determinado que nós podemos establecer:





17. Imaxinemos agora que o que queremos enlazar é unha foto. Buscámola e facemos clic enriba dela co botón dereito do rato. Escollemos “Copiar ruta de la imagen” (en Internet Explorer as opcións poden ser lixeiramente diferentes, pero ten que haber algún xeito de facer o mesmo que con Mozilla Firefox):



18. Igual que fixemos co xornal e co vídeo de Youtube, imos á Aula Virtual e enlazamos a foto. A diferenza da incrustación, coa ligazón o que vai pasar é que o alumno vai ser redirixido ao sitio web no que está esa foto.

19. En xeral, calquera recurso de Internet que teña asociado un enderezo URL que ti poidas localizar e copiar é susceptible de ser enlazado desde unha páxina web dos teus cursos na Aula Virtual.

O uso de recursos externos (tanto se o facemos polo procedemento de incrustación ou de ligazón) teñen o inconveniente de que apuntan a un material que ti non posúes e que por tanto pode desaparecer da Internet se os propietarios o retiran. Por iso, se aprecias moito un vídeo, unha canción, unha nova dun xornal, etc. o ideal é que busques a forma de descargala para quedares con ela indefinidamente. Entón, podes subila ao xestor de tarefas da Aula Virtual e enlazala ou incrustala desde alí. Pero isto xa é cousa doutro titorial...

